

VERMES E BOLBORETAS

PARA FACER A VOSA BOLBORETA PRECISADES:

- DOUS ROLOS DE PAPEL HIXIÉNICO
- TÉMPERAS OU ROTULADORES PARA DECORAR
- COLA
- TESOIRAS

PASOS:

- CORTADES UN DOS ROLOS EN CATRO PARTES IGUAIS, CADA UNHA SERÁ UNHA DAS ÁS E AS DECORADES COMO MAIS VOS GUSTE.
- DO OUTRO ROLO CORTADES DÚAS PARTES. UNHA DO GROSOR DO DAS ÁS E OUTRA MAIS FINIÑA QUE NOS SERVIRÁ PARA AS ANTENAS.
- A PARTE DO CORPO PODEDES PINTALA E LOGO A APLASTADES ALGO POLOS ESTREMOS PARA QUE QUEDE ALONGADA E MAIS ESTREITA E PODEDES DARLLE ALGO DE FORMA NO CENTRO.
- A MAIS ESTREITA, A DAS ANTENAS, A CORTADES POLOS ESTREMOS PARA OBTENIR DÚAS TIRAS QUE PODEDES COLOREAR.
- AGORA SOAMENTE QUEDA PEGALO TODO.

TAMÉN PODEDES FACER UNHA SEN PINTAR E MOLLALA NUN PLATO CON PINTURA PARA PODER ESTAMPALA NUN PAPEL.





PARA FACER O VERME PRECISADES:

- UN ANACO DE PAPEL HIXIÉNICO
- UN PAUCIÑO
- PEGAMENTO
- ROTULADORES



PASOS:

- BOTADES PEGAMENTO NUN DOS LADOS DO ANACO DE PAPEL HIXIÉNICO.
- ENROSCADES O OUTRO EXTREMO DO PAPEL NO PAUCIÑO E SEGUIDES ATA O FINAL.
- COS ROTULADORES DEBUXADES A CABEZA E O DECORADES AO VOSO GUSTO.
- DEIXADES SECAR E O RETIRADES DO PAUCIÑO.

